



BANDO DA ALCALDÍA

DON RAMIRO VARELA PEÓN,
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AGOLADA,
FAGO SABER:

OBRIGAS LIMPEZA DE PARCELAS

A XUNTA de GALICIA MODIFICOU VARIOS PUNTOS REFRENTES AS OBRIGAS DOS PROPIETARIOS DE LIMPEZA DE PARCELAS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS:

¿En que cambian as distancias que hai que manter limpas de vexetación?

O principal cambio é que en torno ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable amplíase de 30 a 50 metros a distancia que ten que estar rozada e onde non pode haber especies pirófitas, como piñeiros, eucaliptos, acacias, etc.

Por xestión da biomasa enténdese que o estrato arbustivo ten que estar xestionado (rozado) e que a masa arbórea ten que estar aclarada e podada. Ademais, nos 50 metros de franxa establecidos as copas das árbores deberán distar como mínimo 10 metros das edificacións e nunca se poderán proxectar sobre os tellados. A franxa de 50 metros terán que respectarse en torno a edificacións e vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais.

¿Que prazos hai para manter limpas as franxas de prevención de incendios?

A xestión da biomasa deberá realizarse antes do 31 de maio (anteriormente era antes do 30 de xuño) e en caso de ser requirido, o propietario dispón por Lei dun prazo de 15 días prorrogable en casos debidamente xustificadas. A obriga de rozar o terreo é do propietario e poderá contratalo ou elixir o sistema que considere oportuno. De non atender ao requerimento se dará inicio do expediente correspondente e de forma subsidiaria a limpeza será efectuada pola administración repercutindo os custes ao titular da parcela e de ser o caso, tamén a correspondente sanción.

¿A que sancións se expón un propietario que non limpe a parcela?

A resolución do expediente corresponde á consellería do Medio Rural. As multas varían de 100 a 1000 € en caso de infraccións leves, de 1.001 a 10.000 en caso de graves e de 10.001 a 1.000.000 euros en caso de moi graves.

O manda e asina o Sr Alcalde de Agolada a 06 de Marzo de 2018.

